

INFORMACIÓN IMPORTANTE!!



Mensaxe recibida hoxe do SERGAS:

Infórmase que logo de que finalice o prazo de inscrición no concurso de traslados convocado por Resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 8 de xaneiro de 2014 **publicaras e no** *Diari*
o Oficial de Galicia
unha corrección de erros do Anexo III (Prazas ofertadas por categoría) e Anexo IV (Prazas a resultas)
das respectivas convocatorias e
pola que se reabrirán os prazos de participación no concurso polo período dun mes

INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE TRASLADOS

Venres, 14 Febreiro 2014 17:41

, nas seguintes categorías:

- Enfermeiro/a

- Enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía (matrón/a)

- Médico/a de familia

- Pediatra de Atención Primaria

- Técnico/a de anatomía patolóxica e citoloxía

- Fisioterapeuta

- Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico

- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería.

ACLARACIÓN IMPORTANTE:

O motivo de abrir un novo prazo posterior á finalización do primeiro é para que o expediente permita xerar unha nova solicitude. Como é sabido, unha vez confirmada a solicitude o

programa non permite facer modificacións, por iso teñen que deixar rematar este prazo, e abrir un novo que permita editar unha nova solicitude. O persoal pode esperar até o novo prazo para facer a súa solicitude, non tén porqué facela agora e repetila despois. Se xa se fixo a solicitude e cando saia a corrección de erros se quere modificar, poderase facer entón. Se a persoa que presentou solicitude no primeiro prazo non se sinte afectada pola corrección de erros, non tén porqué facer unha nova solicitude nin repetir a anterior, seralle válida a que xa presentou.

Importante: fixédevos que o novo prazo é para as categorías especificadas, e só para esas. As persoas das outras categorías sanitarias (enf. saúde mental, logopeda, terapeuta ocupacional, téc. hixiene bucodental, TEL, téc. radioterapia) que queiran participar no concurso de traslados deben facer a solicitude agora, posto que non vai haber novo prazo para esas categorías.